

**BASES QUE HAN DE REXER NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS
PARA AS OBRAS DE CONSERVACION E REHABILITACION OU DE
CONSTRUCCION NOVA DE VIVENDAS NO MUNICIPIO DE BEGONTE DO
ANO 2026**

PRIMEIRA.- Obxecto e Réxime Xurídico.-

É obxecto desta convocatoria a regulación da concesión de subvencións establecidas polo concello de Begonte e destinadas ao fomento de construción de obra nova ou de conservación e rehabilitación de vivenda no termo municipal de Begonte, co obxectivo final da mellora da edificación e contribución á reactivación económica do municipio e fixación da poboación.

Réxime Xurídico: Esta convocatoria rexeráse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións e na demais normativa que resulte de aplicación.

A presente convocatoria se efectúa de conformidade co establecido na Ordenanza Municipal reguladora da concesión de subvencións para obras de conservación e rehabilitación ou de construción nova de vivendas, aprobada por acordo do Pleno da Corporación de data 22 de xaneiro de 2021 e publicada definitivamente no BOP de Lugo nº 064, de 20 de marzo de 2021.

SEGUNDA.- Actuacións subvencionables.- Poderán ser obxecto de axuda económica tanto as obras de conservación e rehabilitación de inmobles deshabitados como as obras de nova construción de inmobles destinados a vivendas unifamiliares.

As axudas aplicaranse ás actuacións enumeradas no parágrafo anterior que sexan acordes coa normativa vixente e valoradas favorablemente polo concello, tras o procedemento instruído para os efectos.

TERCEIRA.- Financiamento das axudas.- As axudas concederanse con cargo á aplicación 152.4800 do orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico 2026, cunha contía inicial total de dez mil euros (10.000,00 €), e sen perxuízo no seu caso do seu incremento previa a oportuna modificación presupostaria.

CUARTA.- Beneficiarios.-



- a) Poderán ser beneficiarios da axuda ou subvención as persoas físicas que leven a cabo a construción ou a conservación e rehabilitación dunha vivenda co fin de destinala á súa residencia habitual e que cumpran as condicións esixidas nestas bases e na correspondente ordenanza reguladora. O destino do inmovible obxecto da subvención como vivenda familiar habitual deberá manterse polo menos durante o período de 5 anos. Esta condición é resolutoria, dando lugar no caso de incumprimento á devolución da subvención, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Os beneficiarios das subvencións deberán cumprir as seguintes condicións:
- Ser maior de idade na data de presentación da solicitude.
 - Destinar a vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou de construción a residencia habitual e permanente do solicitante e, no seu caso, da unidade familiar, durante un prazo de polo menos 5 anos desde a finalización das obras, sen que poida ser obxecto de cesión a transmisión intervivos por ningún título durante un prazo de 10 anos desde a concesión da subvención.
 - Ostentar a propiedade/copropiedade ou título habilitante da vivenda/inmovible obxecto de rehabilitación e conservación ou construción.
 - Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.
 - Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.
 - Dispoñer da licenza municipal de primeira ocupación do inmovible e xustificar documentalmente a alta da vivenda no Catastro correspondente.

QUINTA.- Contía das axudas.- Toda actuación subvencionable contará cunha axuda equivalente ao dous por cento (2%) do importe do presuposto de execución material (PEM) que conste no correspondente proxecto técnico ou memoria valorada presentado para a obtención da licenza ou título habilitante, cun máximo de tres mil (3.000,00) euros.

SEXTA.- Procedemento do outorgamento.-

I.- Prazo de presentación de solicitudes.-

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 31 de decembro de 2026.

A presente convocatoria publicarase tamén na páxina web do concello e no taboleiro municipal de anuncios.



II.- Lugar de presentación das solicitudes e documentación.-

As solicitudes irán dirixidas ao sr. Alcalde-Presidente do Concello e poderán presentarse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, conforme ao modelo que figura no anexo desta convocatoria.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI /NIE do solicitante.
- b) Licenza municipal ou Título habilitante das obras.
- c) Xustificante de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- d) A demais documentación esixida na convocatoria das axudas.

Resolución.-

En canto ao réxime do procedemento estarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e disposicións contidas na lexislación da Administración Local.

As solicitudes de axuda resolveranse por orde cronolóxico de solicitude.

Unha vez esgotados os créditos da partida, publicarase na mesma páxina web e taboleiro de anuncios a finalización do prazo de presentación.

Comisión de Valoración.-

Por parte da Alcaldía, e de conformidade co que se establece no artigo 6º da ordenanza reguladoras das axudas, nomearase a Comisión de Valoración que informará as solicitudes presentadas, correspondendo a resolución de outorgamento da subvención á propia Alcaldía.

A dita Comisión de Valoración estará integrada en todo caso polo sr. Alcalde ou concelleiro-delegado, que será o presidente, e polo técnico municipal competente.

As funcións de secretaría da dita Comisión de Valoración serán competencia da Secretaría-Intervención ou persoal en quen delegue. A Comisión de Valoración analizará as solicitudes presentadas e elevará informe vinculante ao órgano competente que adoptará a resolución pertinente.



A comisión axustará o seu funcionamento ao establecido nos órganos colexiados da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.- Réxime de compatibilidade de subvencións.- As axudas obxecto desta convocatoria serán compatibles coa percepción de calquera outra subvención para o mesmo fin, procedentes doutras administracións públicas.

OITAVA.- Percepción da subvención.- A subvención percibirase unha vez finalizadas as obras e se dispoña da licenza municipal de 1ª ocupación, do xustificante da alta do inmovible no catastro e o certificado de empadramento e compromiso de permanencia de empadramento na dita vivenda por un mínimo de 5 anos.

NOVENA.- Reintegro das subvencións.- O beneficiario das axudas virá obrigado a devolver ao concello as cantidades percibidas no caso de incumprimento das obrigas previstas nestas bases, nos termos previstos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DÉCIMA.- Normativa de aplicación.- No non establecido nesta ordenanza estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009.

Begonte, 27 de marzo de 2026

O Alcalde



ANEXO I

PROCEDEMENTO: SUBVENCÍONS PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN E DE REHABILITACIÓN OU DE CONSTRUCCIÓN NOVA DE VIVENDAS ANO 2026	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO: 228/2026	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	---------------------------------------

1. Datos do solicitante:

Nome	Apelidos	NIF

Enderezo	Provincia	Municipio	Código postal

Datos no seu caso do representante (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito).

Nome	Apelidos	NIF

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación no correo electrónico facilitado.

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (márquese unha opción):

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

Correo electrónico

Móbil / Tlfno.

--	--

Electrónica, a través do Sistema de notificación electrónica notific@ (Só se podera acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada).

Postal (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

Enderezo	Provincia	Municipio	Código postal

2. Datos das obras a realizar:

Descrición da obra:			
Lugar / Barrio:	Parroquia	Municipio	Código postal





3. DECLARACIÓNS DA PERSOA SOLICITANTE (sinalar o que corresponda).

1. Que a vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou de nova construción vai ser destinada a residencia habitual e permanente do solicitante e, no seu caso, da súa unidade familiar durante un prazo de polo menos 5 anos desde a finalización das obras.
2. Que o solicitante ten a propiedade/copropiedade ou..... (especificar o título habilitante) do inmovible/terreo obxecto de rehabilitación/conservación ou construción.
3. Que **NON** está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións previstas no art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
4. Que **SI** se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal e da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes e que non ten débedas tributarias vencidas pendentes de pago co Concello de Begonte.
5. Que en relación con outras axudas solicitadas ou concedidas:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a cal solicita esta subvención.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a cal se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ORGANISMO/ENTIDADE	DATA	ESTADO (solicitada/concedida)	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña douras administracións pública u doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.

4. DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA: (márquese o que proceda).

- Fotocopia do DNI/ NIE do solicitante.
- Certificado de empadramento e compromiso de permanencia de empadramento na vivenda obxecto de rehabilitación ou vivenda nova por un mínimo de 5 anos.
- Xustificación da propiedade ou título habilitante que se ostenta sobre a vivenda/inmovible obxecto de rehabilitación ou construción.
- Licenza municipal ou título habilitante para a realización das obras subvencionadas.
- Xustificante de dispoñer da Licenza Municipal de 1ª Ocupación e así mesmo da correspondente alta no Catastro da vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou da vivenda nova.



Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

(márquese o que proceda).-

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Dereitos do interesado: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección

<https://begonte.sedelectronica.es/privacy.2>

	Municipio	Data (dd/mm/aaaa)	Firma
En			

